



Expediente: 99650/421
Tipo expediente: Convenio Urbanístico

Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
LICENZAS

- ANUNCIO -

APROBACIÓN DO TEXTO INICIAL DO CONVENIO URBANISTICO PARA A EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO NO AMBITO DA AOP-21 DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DE VIGO EXPTE. 99650/421:

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo na sesión ordinaria do 11 de abril de 2019, acordou:

PRIMEIRO: Aprobar o texto inicial do Convenio urbanístico de execución do planeamento a subscribir entre o Concello de Vigo e a mercantil "INMOBILIARIA FRIEIRA 360 S.L." para a execución do AOP-21 DEL IOP de Vigo.

SEGUNDO: Facultar á concelleira delegada de Urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do Convenio; da súa subscrición dará conta individualizada o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local

TERCEIRO. Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.

CUARTO. Tras a información pública, de non presentarse alegacións, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado entenderase definitivo sen necesidade de nova sinatura nin da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local, producindo esta aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos. Calquera das partes poderá solicitar a elevación do documento administrativo a escritura pública. O texto íntegro do Convenio publicarase no Diario Oficial de Galicia, anotarse no Rexistro de Convenios e remitirase copia o Arquivo de Convenios.

QUINTO. A eficacia do devandito Convenio queda condicionada á aprobación definitiva polo Concello da Ordenación Provisional en tramitación.

Durante o período de información pública, o expediente atoparase a disposición do público en xeral, na páxina web do Concello de Vigo http://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal#/, no portal de transparencia, así como no departamento municipal de Licenzas da Xerencia de Urbanismo (sito na planta segunda do edificio da Xerencia de Urbanismo – Praza do Rei, s/n), en horario de 9,00 a 13,30 horas, para a súa consulta e a presentación de cantos



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 99650_421

Data impresión: 11/07/2019 09:41 | Páxina 1 de 2
CSV: 25E7C5-2255AB-52A5E6-TLYKQ2-N8CL7K-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Expediente: 99650/421
Tipo expediente: Convenio Urbanístico

Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
LICENZAS

documentos ou escritos de alegacións estimen convenientes.
RAP/igm

En Vigo, 09 de xullo de 2019
A Concelleira Delegada da Área de Urbanismo
Asdo.: María José Caride Estevez



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/07/2019 09:41	Páxina 2 de 2
EXPEDIENTE 99650_421	CSV: 25E7C5-2255AB-52A5E6-TLYKQ2-N8CL7K-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		